



428. Anforeta

Intervención arqueolóxica: escavación arqueolóxica no soar n.º 21 da praza de Campo Castelo, ano 1996, baixo a dirección de D. Enrique González Fernández.

N.º Sección: 1996/04/01

Outros n.ºs: CC21-01

Procedencia: Lugo

Tipo de colección: depósito da Xunta de Galicia

Cultura: Idade Moderna

Cronoloxía: ss. xv-xviii

Materia: arxila

Técnica: cocción oxidante. Colombinos. Torno

Dimensións: altura 32 cm; diámetro do bordo 7,5 cm

Peso: 1589 g

Conservación: regular

Uso/función: almacenaxe ou iluminación

Descrición: anforeta case completa, de perfil lacrimiforme invertido. Paredes grosas, de 1,1 cm de espesor. Pasta xabonosa en ton alaranxado, ben traballada, con desgraxantes pequenos, menores de 1 mm. O traballo a torno apréciase sobre todo no interior, con estrías moi acusadas. A parte inferior probablemente se traballaría a man a partir de colombinos. Sen revestimento.

MARN/LCM